

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

PRESIDENCIA

Decreto 1/2009, do 5 de xaneiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións.

De acordo co previsto na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia; na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, pola Lei 12/1989, do 4 de outubro, pola Lei 7/2002, do 27 de decembro, pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo; e na Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, e pola Lei 12/2004, do 7 de decembro, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezaioito de decembro de dous mil oito,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Queda disolto o Parlamento de Galicia elixido o día dezanove de xuño de dous mil cinco.

Artigo 2º

Convócanse eleccións ao Parlamento de Galicia, que terán lugar o día un de marzo de dous mil nove.

Artigo 3º

En aplicación do artigo 9 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, e pola Lei 12/2004, do 7 de decembro, o número de deputados correspondente a cada circunscrición é o seguinte:

A Coruña: vinte e catro.

Lugo: quince.

Ourense: catorce.

Pontevedra: vinte e dous.

Artigo 4º

A campaña electoral durará quince días; comezará ás cero horas do venres día trece de febreiro de dous mil nove e finalizará ás vinte e catro horas do venres día vinte e sete de febreiro de dous mil nove.

Artigo 5º

Celebradas as eleccións convocadas por este decreto, a cámara resultante reunirse para a súa sesión constitutiva o día un de abril de dous mil nove, ás once horas.

Artigo 6º

As eleccións convocadas por este decreto rexeranse pola Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxi-

me electoral xeral, modificada pola Lei orgánica 1/1987, do 2 de abril; Lei orgánica 8/1991, do 13 de marzo; Lei orgánica 6/1992, do 2 de novembro; Lei orgánica 13/1994, do 30 de marzo; Lei orgánica 3/1995, do 23 de marzo; Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro; Lei orgánica 1/1997, do 30 de maio; Lei orgánica 3/1998, do 15 de xuño; Lei orgánica 8/1999, do 21 de abril; Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño; Lei orgánica 1/2003, do 10 de marzo; Lei orgánica 16/2003, do 28 de novembro; Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo e Lei orgánica 9/2007, do 8 de outubro; así como pola Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, e pola Lei 12/2004, do 7 de decembro, e a normativa de desenvolvemento.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, cinco de xaneiro de dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 283/2008, do 11 de decembro, polo que se dispón o cesamento e o nomeamento de membros do Consello Escolar de Galicia.

O artigo 6 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, o artigo 7 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se desenvolve a dita lei, e o artigo 14 do Decreto 87/1992, do 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento do réxime interno do Consello Escolar de Galicia, establecen que se ten que proceder á renovación por metades dos conselleiros de cada un dos grupos que integran o Consello.

Efectuada a designación dos representantes das entidades enumeradas no artigo 4.1º da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, e nos termos que establecen o artigo 7 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os consellos escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento da